PARLAMENTO
DE GALICIA

Número 221 | VI lexislatura | 30 de outubro de 2002

## SUMARIO


# 1. Procedementos de natureza normativa

## 1.2. Proxectos e proposicións de lei

### 1.2.1. Proxectos de lei

Emendas ó articulado formuladas ó Proxecto de lei do Consello Galego de Universidades.

— Emendas formuladas polo G.P. dos Socialistas de Galicia.
Doc. núm. 5649 10965

— Emendas formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Doc. núm. 5851 10965

Emendas ó articulado formuladas ó Proxecto de lei dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.

— Emendas formuladas polo G.P. dos Socialistas de Galicia.
Doc. núm. 6067 10967

— Emendas formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Doc. núm. 6076 10968

# 3. Procedementos de control e impulso

## 3.2. Comunicacións da Xunta de Galicia

### 3.2.3. Resolucións aprobadas

— Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 10970

## 3.6. Proposicións non de lei

### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

— Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª Natividad González Laso, sobre a realización das melloras necesarias para corrixi-las deficiencias existentes na subministración de enerxía eléctrica á parroquia de Covas e na antiga liña militar de media tensión ata Prior, no concello de Ferrol.
Doc. núm. 5346. Comisión 6.ª 10980

# 9. Informacións e correccións de erros

## 9.1. Informacións

— Retirada da Proposición de lei, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Pérez Touriño, sobre as parellas de feito de Galicia (doc. núm. 5341). 10981

— Modificación da Interpelación, formulada por D. Ricardo Varela Sánchez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a orde de desenvolvemento do Decreto do Plan Labora pola que se establecen as bases que rexen as axudas e subvencións para o exercicio 2002 para a contratación, por parte de entidades locais, de traballadores desempregados beneficiarios do programa Labora, xuventude con experiencia. (doc. núm. 4746). 10981

— Rexeitamento das proposicións non de lei en Comisión docs. núms. 4489, 2777, 1226, 2203, 2244, 2297, 2328, 2386, 3000, 4386, 5509, 5510 377, 483, 746, 1552, 2259, 2467, 1738, 2483, 5686 e 5271. 10981

## 9.2. Correccións de erros

— Corrección de erros no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003. 10983

— Corrección de erros na Interpelación, formulada por D. José Luís Méndez Romeu e D. Pablo Xabier López Vidal, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tempo medio de resolución das demandas nas seccións das Audiencias de Vigo, Ourense, Santiago, Coruña e Ferrol, as razóns das diferencias existentes e as medidas previstas ó respecto (doc. núm. 5444). 10983

# .1. Procedementos de natureza normativa

## 1.2. Proxectos e proposicións de lei

### 1.2.1. Proxectos de lei

**Emendas ó articulado formuladas ó Proxecto de lei lei do Consello Galego de Universidades.**

Presidencia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da C mara, ord nase a publicaci n no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas formuladas   Proxecto de lei do Consello Galego de Universidades.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2002
Jos  Mar a Garc a Leira
Presidente

**Emendas ó articulado formuladas ó Proxecto de lei do Consello Galego de Universidades polo G.P. dos Socialistas de Galicia.**

Doc. núm. 5649

Mesa da Comisi n 4.ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a trav s do seu portavoz e   abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da C mara, presenta ante esa Mesa as seguintes emendas   articulado do Proxecto de lei do Consello Galego de Universidades (doc. n m. 4518).

Emenda n.° 1, de adici n

Adici n dun artigo 5.r bis), que quedar  redactado co seguinte contido:

«r bis) Emitir informe sobre os prezos p blicos das ensinanzas propias e dos estudios oficiais.»

Emenda n.° 2, de adici n

Adici n dun artigo 5.r ter), que quedar  redactado co seguinte contido:

«ter) Emitir informe sobre os criterios e as directrices de bolsas, axudas e cr ditos para o estudio e a investigaci n.»

Emenda n.° 3, de adici n

Adici n dun artigo 5.r quater), que quedar  redactado co seguinte contido:

«r quater) Emitir informe sobre o Plan galego de I+D.»

Emenda n.° 4, de adici n

Adici n dun artigo 5.r quintus), que quedar  redactado co seguinte contido:

«r quintus) Emitir informe anual sobre o estado e a situaci n das universidades galegas.»

Emenda n.° 5, de adici n

Adici n *in fine*   artigo 7.e).

Debe engadirse *in fine*: «... que poder n delegar noutro membro do respectivo Consello Social que ostente a representaci n dos intereses sociais.»

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2002
Asdo.: Emilio P rez Touri o
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Emendas o artículado formuladas ó Proxecto de lei do Consello Galego de Universidades polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.**

Doc. núm. 5851

Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG),   abeiro do disposto no Regulamento da C mara, presenta as seguintes emendas parciais   Proxecto de lei do Consello Galego de Universidades (BOPG n m. 178, do 6 de setembro de 2002).

Emenda n m. 1, de modificaci n, na exposici n de motivos

D bese substitu r, no primeiro par grafo, dende «... pola s a vez...» ata «... superior en Espa a.» por: «... posteriormente, por diversas disposici ns legais.»

Emenda n m. 2, de supresi n no artigo 3

D bese suprimir, no apartado c), do artigo 3 o seguinte texto: «... de car cter oficial e validez en todo o territorio nacional.»

Emenda n m. 3, de modificaci n nos artigos 3 e 5

D bense substitu r nos artigos 3 e 5 os termos: «nacional» por «estatal» e «nacionais» por «estatais.»

Emenda n m. 4, de supresi n no artigo 5

D bese suprimir no apartado j) do artigo 5 o seguinte texto: «... de car cter oficial e validez en todo o territorio nacional.»

Emenda n m. 5, de adici n no artigo 5

D bese engadir un novo apartado no artigo 5, co seguinte texto:

«j bis) Emitir informe, nun prazo non superior a tres meses, sobre as propostas e modificaci ns de plans de estudio das ensinanzas impartidas polas universidades galegas.»

Emenda n m. 6, de adici n no artigo 5

D bese engadir un novo apartado no artigo 5, co seguinte texto:

«q bis) Co ecer do desenvolvemento, de execuci n e de control dos sistemas de bolsas e axudas estudio.»

Emenda n m. 7, de adici n no artigo 7

D bese engadir un novo apartado d') no artigo 7, co seguinte texto:

«d') Unha persoa designada por cada unha das universidades p blicas galegas.»

Emenda n m. 8, de modificaci n no artigo 7

D bese substitu -lo apartado e) do artigo 7 polo seguinte texto:

«e) Os presidentes dos consellos sociais das universidades p blicas.»

Emenda n m. 9, de modificaci n no artigo 7

D bese substitu -lo apartado f) do artigo 7, polo seguinte texto:

«f) Nove persoas designadas pola Comisi n do Parlamento de Galicia competente en materia universitaria, en proporci n s a representaci n no Pleno do Parlamento. Como m nimo, tres das persoas designadas non poder n pertencer comunidade universitaria.»

Emenda n m. 10, de adici n no artigo 7

D bese engadir un novo apartado no artigo 7, co seguinte texto:

«g) A persoa que ocupe a presidencia da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.»

Emenda n m. 11, de adici n no artigo 10

D bese engadir un novo punto no artigo 10, co seguinte texto:

«3. Poder n ser inclu dos puntos na orde do d a das sesi ns ordinarias do Pleno do Consello logo de petici n dunha quinta parte dos seus membros.»

Emenda n m. 12, de adici n no artigo 16

D bese engadir remate do artigo 16 o seguinte texto:

«O Consello deber ser informado das disposici ns e resoluci ns relativas s asuntos que tivese informado ou co ecido previamente.»

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2002
Asdo.: Xos Manuel Beiras Torrado
Portavoz do G.P. do BNG

***Emendas ó articulado formuladas ó Proxecto de lei dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.***

Presidencia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da C mara, ord nase a publicaci n no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas formuladas  Proxecto de lei dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2002

Jos  Mar a Garc a Leira

Presidente

**Emendas ó articulado formuladas o Proxecto de lei dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia polo G.P. dos Socialistas de Galicia..**

Doc. núm. 6067

Mesa da Comisi n 4.ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a trav s do seu portavoz e  abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da C mara, presenta ante esa Mesa as seguintes emendas  articulado  Proxecto de lei dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia (doc. n.º 5414).

Emenda n.º 1, de modificaci n

Modificaci n do artigo 2.1.

Onde di: «...sociedade galega na xesti n das instituci ns universitarias comprendidas...», debe dicir: «... sociedade galega nas universidades comprendidas...».

Emenda n.º 2, de modificaci n

Modificaci n do artigo 3.f), que quedar  redactado co seguinte contido:

«f) Promove-las pol ticas de transferencia e difusi n dos resultados obtidos nas investigaci ns universitarias.»

Emenda n.º 3, de supresi n

Supresi n do artigo 3.h).

Debe suprimirse.

Emenda n.º 4, de supresi n

Supresi n do artigo 4.l).

Debe suprimirse.

Emenda n.º 5, de supresi n

Supresi n do artigo 4. ).

Debe suprimirse.

Emenda n.º 6, de supresi n

Supresi n do artigo 5.b).

Debe suprimirse.

Emenda n.º 7, de modificaci n

Modificaci n do artigo 6.

Onde di: «.... poder  requiri-la colaboraci n... », debe dicir: «... poder  solicita-la colaboraci n...».

Emenda n.º 8, de modificaci n

Modificaci n do artigo 7.1.

Onde di: «...por un total de vintecinco membro, que se designar n...», debe dicir: «... por un m ximo de vintecinco membros, que se designar n...».

Emenda n.º 9, de modificaci n

Modificaci n do artigo 7.3b).

Onde di: «Seis membros....», debe dicir: «Cinco membros....».

Emenda n.º 10, de modificaci n

Modificaci n do artigo 7.3.c).

Onde di: «Seis membros... », debe dicir: «Cinco membros...».

Emenda n.º 11, de supresi n

Supresi n do artigo 7.3. f).

Debe suprimirse.

Emenda n.º 12, de adici n

Adici n dun novo artigo 7.3.f bis), que quedar redactado co seguinte contido:

«f bis) Un representante de cada concello onde existan campus da universidade.»

Emenda n.º 13, de modificaci n.

Modificaci n do artigo 12.d).

Onde di: «...segredo sobre as deliberaci ns internas, as como sobre as materias...», debe dicir: «... segredo sobre as materias...».

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2002
Asdo.: Emilio P rez Touri o
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Emendas ó articulado formuladas ó Proxecto de lei dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.**

Doc. núm. 6076

Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), abeiro do disposto no Regulamento da C mara, presenta as seguintes emendas parciais Proxecto de lei dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia (BOPG n.º 200, do 2 de outubro de 2002).

Emenda n m. 1, de modificaci n na exposici n de motivos

D bese substitu r no primeiro par grafo da exposici n de motivos, dende: «... pola s a vez,... ata: «... de motivos...» pola seguinte expresi n: «... posteriormente por diversas disposici ns normativas nas que...».

Emenda n m. 2, de modificaci n no artigo 2

D bese substitu r no punto 1 do artigo 2 a expresi n: «... o rgano colexiado de goberno universitario...» por «... un rgano colexiado...»

Emenda n m. 3, de supresi n no artigo 3

D bese suprimir no apartado d) do artigo 3 o seguinte texto: «... sobre materias da s a competencia e, en particular,...».

Emenda n m. 4, de supresi n no artigo 3.

D bese suprimir no apartado d) do artigo 3 o seguinte texto: «... e m is sobre calquera outra cuesti n proposta pola conseller a competente en materia universitaria, de acordo coas funci ns propias deste rgano.»

Emenda n m. 5, de modificaci n no artigo 3

D bese substitu -lo contido do apartado f) do artigo 3 polo seguinte texto:

«f) Estimula-la actividade investigadora da universidade, especialmente no relativo s a vinculaci n cos sectores productivos, apoiando os proxectos de investigaci n e desenvolvemento compartidos entre a universidade, as empresas e o tecido social, as como as pol ticas de transferencia e difusi n dos resultados obtidos nas investigaci ns universitarias.»

Emenda n m. 6, de adici n no artigo 4

D bese engadir no apartado c) do artigo 4, despois de «... orzamento da universidade.», a seguinte expresi n: «..., as como autorizar, con car cter previo s a aprobaci n polo rgano competente, o orzamento de t dalas sociedades, empresas e fundaci ns ou outras entidades nas que a universidade te a participaci n maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial, calquera que sexa a forma xur dica que adopten estas, as como as s as modificaci ns.»

Emenda n m. 7, de supresi n no artigo 4

D bese suprimir no apartado h) do artigo 4 dende: «O Consello Social poder solicitar...» ata: «... de motiva-la s a decisi n.».

Emenda n  m. 8, de supresi  n no artigo 4

D  bese suprimir no apartado l) do artigo 4 dende: «... e emitir informe» ata: «... de universidades.».

Emenda n  m. 9, de modificaci  n no artigo 6

D  bese substitu r no primeiro par grafo do artigo 6 o seguinte: «... requiri-la colaboraci  n...» por: «... solicita-la colaboraci  n...».

Emenda n  m. 10, de modificaci  n no artigo 6

D  bese substitu r no artigo 6 a seguinte palabra: «nacionais» por: «estatais».

Emenda n  m. 11, de modificaci  n no artigo 7

D  bese substitu r no punto 1 do artigo 7 a seguinte palabra: «vintecinco» por: «vinteoito».

Emenda n  m. 12, de modificaci  n no artigo 7

D  bese substitu r no punto 3 do artigo 7 o seguinte: «personalidades» por: «persoas representativas».

Emenda n  m. 13, de modificaci  n no artigo 7

D  bese substitu r no apartado b) do punto 3 do artigo 7 a seguinte palabra: «Seis...» por: «Cinco...».

Emenda n  m. 14, de modificaci  n no artigo 7.

D  bese substitu r no apartado c) do punto 3 do artigo 7 a seguinte verba: «Seis...» por: «Cinco...».

Emenda n  m. 15, de modificaci  n no artigo 7

D  bese substitu r no apartado d) do punto 3 do artigo 7 a seguinte palabra: «Dous...» por «Tres...».

Emenda n  m. 16, de modificaci  n no artigo 7

D  bese substitu -lo contido do apartado e) do punto 3 do artigo 7 polo seguinte texto:

«e) Catro membros designados polas organizaci  ns empresariais m  is representativas dos sectores estrat  xicos da econom a galega, na   rea de influencia da universidade.»

Emenda n  m. 17, de supresi  n no artigo 7

D  bese suprimi-lo apartado f) do punto 3 do artigo 7.

Emenda n  m. 18, de adici  n no artigo 7

D  bese engadir un novo apartado e') no punto 3 do artigo 7, co seguinte texto:

«e') Tres membros designados polas organizaci  ns agrarias m  is representativas.»

Emenda n  m. 19, de adici  n no artigo 7

D  bese engadir un novo apartado e'') no punto 3 do artigo 7, co seguinte texto:

«e'') Un membro designado polas corporaci  ns dos concellos nos que se localizan os campus.»

Emenda n  m. 20, de adici  n no artigo 11

D  bese engadir   remate do punto 1 do artigo 11 o seguinte texto:

«...ag  s no daqueles membros natos (rector, secretario xeral e xerente), que por ausencia ou enfermidade poder  n ser substitu dos de acordo coas normas universitarias vixentes.»

Emenda n  m. 21, de adici  n no artigo 15

D  bese engadir no artigo 15, despois de: «... seis dos seus membros.», o seguinte texto: «...ou o rector da universidade.».

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2002
Asdo.: Alfredo Su  rez Canal
Portavoz suplente do G.P. do BNG

# 3. Procedementos de control e impulso

## 3.2. Comunicacións da Xunta de Galicia

### 3.2.3. Resolucións aprobadas

**Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Presidencia

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesi n que tivo lugar o d a 9 de outubro de 2002, no punto  nico da orde do d a, “Debate de pol tica xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo e-la situaci n pol tica da Comunidade Aut noma de Galicia, debate e propostas de resoluci n , aprobou as seguintes resoluci ns:

Resolución relativa á política de apoios empresariais.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que estudie a vinculaci n das s as pol ticas de apoios empresariais  creaci n de emprego estable.»

(Resoluci n n m. 21, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 39 votos a favor, ning n voto en contra e 34 abstenci ns).

Resolución relativa ás axudas ós concellos para a adquisición de camións de extinción de incendios.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que abra unha li a de axudas para a adquisici n de cami ns de extinci n de incendios forestais por parte dos concellos.»

(Resoluci n n m. 22, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 39 votos a favor, ning n voto en contra e 34 abstenci ns).

Resolución relativa á consolidación do tecido empresarial galego a través do Igape.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que, a trav s do Igape, desenvolva as actuaci ns precisas de cara  s a consolidaci n como o instrumento que posibilite a accesibilidade  s recursos financeiros axeitados para impulsa-lo desenvolvemento de novas iniciativas empresariais e a consolidaci n do tecido empresarial galego.»

(Resoluci n n m. 39, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 39 votos a favor, ning n voto en contra e 34 abstenci ns).

Resolución relativa á localización de investimentos do Igape en zonas menos desenvolvidas.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que o Igape defina, nas s as li as de apoio, condici ns espec ficas de discriminaci n positiva que favorezan a localizaci n de investimentos en zonas menos desenvolvidas.»

(Resoluci n n m. 40, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á aplicación do Plan de recuperación de ríos.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realiza-las actuaci ns necesarias para aplicar coa m xima efectividade o Plan de recuperaci n de r os para a protecci n e mellora da biodiversidade dos r os das concas galegas.»

(Resoluci n n m. 29, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á mellora das infraestructuras de telecomunicación que permita o acceso xeneralizado a Internet.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para a posta en valor das infraestructuras e rede propias de telecomunicaci n coa finalidade de establecer acordos de compartici n de infraestructuras cos operadores de telecomunicaci ns, para adianta-los prazos da renovaci n do TRAC, o que permitir un acceso xeneralizado a Internet.»

(Resoluci n n m. 32, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

### Resolución relativa ó estudio da configuración sociolingüística de Galicia.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que no prazo de tempo m is breve posible se aborde un estudio de actualizaci n sobre a configuraci n socioling stica da nosa Comunidade:

- Lingua inicial e competencial ling stica en Galicia.
- Usos ling sticos en Galicia.
- Actitudes ling sticas en Galicia.»

(Resoluci n n m. 46, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 46 votos a favor, 17 votos en contra e ningunha abstenci n).

### Resolución relativa á autonomía na xestión económica dos centros docentes non universitarios.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a preparar un decreto polo que se desenvolva a autonom a na xesti n econ mica dos centros docentes non universitarios.»

(Resoluci n n m. 4, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 46 votos a favor, 17 votos en contra e ningunha abstenci n).

### Resolución relativa á reforma das urxencias extrahospitalarias de atención primaria.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a finaliza-la reforma das urxencias extrahospitalarias de atenci n primaria de Galicia e a completa-lo mapa de puntos de atenci n continuada, no prazo m is breve posible e, en calquera caso, antes de finaliza-lo primeiro semestre de 2003.»

(Resoluci n n m. 12, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

### Resolución relativa á atención farmacéutica en centros de asistencia social.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a completa-la cobertura de atenci n farmac utica en centros de asistencia social.»

(Resoluci n n m. 13, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

### Resolución relativa á atención a drogodependentes.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realiza-los esforzos necesarios para optimizar e diversifica-la asistencia a drogodependentes en Galicia mediante:

1.- A ampliaci n da carteira de servicios dos centros asistenciais da rede do Plan de Galicia sobre drogas incorporando protocolos espec ficos de intervenci n a determinados colectivos.

2.- A ampliaci n da cobertura da administraci n perif rica de metadona incrementando os centros de sa de colaboradores nos programas de mantemento con derivados opi ceos.»

(Resoluci n n m. 14, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

### Resolución relativa á inserción social e laboral de persoas afectadas polo consumo de drogas.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforza-los esforzos necesarios para avanzar nas posibilidades de inserci n social e laboral de persoas afectadas polo consumo problem tico de drogas, establecendo na rede de recursos do Plan de Galicia sobre drogas os itinerarios de inserci n personalizados para drogodependentes en proceso de tratamento.»

(Resoluci n n m. 15, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

### Resolución relativa á recuperación do patrimonio histórico e documental das comunidades galegas no exterior.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta para que por parte da Conseller a de Emigraci n e Cooperaci n Exterior se avance no proxecto que se est a elaborar en relaci n coa

recuperaci n do patrimonio hist rico e documental das comunidades galegas no exterior.»

(Resoluci n n m. 17, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa ó Subprograma de control da incapacidade temporal nos centros do Sergas.**

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realiza-los esforzos necesarios para a adopci n de medidas complementarias para a optimizaci n do Subprograma de control de incapacidade temporal nos centros do Sergas.»

(Resoluci n n m. 18, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa ó acceso das mulleres víctimas da violencia doméstica á renda activa de inserción social.**

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que lles garanta s mulleres que acrediten ter sufrido violencia dom stica o acceso de forma inmediata renda activa de inserci n, sempre que re nan os demais requisitos que establece a normativa que a regula, e, antes de que cheguen sexto mes en situaci n de desemprego, o acceso a un contrato de traballo de duraci n m nima de doce meses.»

(Resoluci n n m. 19, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa á adhesión das empresas galegas ó sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que estableza unha li a de axudas destinadas a facilita-la adhesi n das empresas galegas sistema comunitario EMAS de xesti n e auditor a ambiental.»

(Resoluci n n m. 25, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa á creación dun centro de recuperación de animais mariños.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear un centro de recuperaci n de animais mari os.»

(Resoluci n n m. 27, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa á interrelación cultural entre Galicia e o norte de Portugal.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fomentar unha maior interrelaci n cultural entre Galicia e o norte de Portugal, tanto no campo das letras —promovendo o intercambio de escritores, de informaci n e de documentaci n cultural— coma no das artes esc nicas e musicais —teatro, folk, jazz, m sica sinf nica...—, consolidando e ampliando intercambios de experiencias nestes eidos, de maneira estable, longo do ano entr mbalas d as rexi ns.»

(Resoluci n n m. 31, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa á dotación de xestión informatizada ás bibliotecas públicas de Galicia.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a po er t dolos medios precisos para no ano 2003 ter dotadas de xesti n informatizada t dalas bibliotecas p blicas de Galicia, con acceso a Internet para os usuarios e con sa da a Internet da informaci n e dos servicios de cada unha das bibliotecas.»

(Resoluci n n m. 33, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa á promoción exterior do sector audiovisual galego.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer e amplia-las li as de promoci n do sector audiovisual

galego a trav s do apoio promoci n dos nosos productos audiovisuais nos mercados exteriores.»

(Resoluci n n m. 34, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á creación do Centro Galego de Artesanía.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia creaci n en Santiago de Compostela do Centro Galego de Artesan a, destinado a potencia-lo desenvolvemento econ mico do colectivo artesanal, asesorando o sector na mellora das s as estructuras e procesos productivos e comercializadores e compromet ndose s a posta en marcha definitiva.»

(Resoluci n n m. 37, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa ó uso do galego nas actuacións da Xunta de Galicia en relación coas administracións públicas.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar en galego t dalas actuaci ns internas e externas da Xunta de Galicia que te an que ver con administraci ns p blicas galegas.»

(Resoluci n n m. 110, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa á inscrición rexistral de vivendas en réxime de autoconstrucción de uso propio.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado o desenvolvemento regulamentario da LOE, que permita a inscrici n rexistral condicionada das vivendas en r xime de autoconstrucci n de uso propio e que non se dedican tr fico inmobiliario, coa exenci n da garant a do seguro decenal.»

(Resoluci n n m. 123, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa ó desenvolvemento do autogoberno de Galicia.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a avanzar no autogoberno, dentro do marco do Estatuto de autonom a e da Constituci n espa ola de 1978. Para tal efecto, a Xunta promover :

1.- O desenvolvemento pleno do Estatuto, naquelas competencias estatutarias a nda non traspasadas, e en todas aquelas materias que, luz dos cambios lexislativos e sociais, resultasen de competencia auton mica, para acadar as o m ximo de autogoberno dentro da Constituci n e do Estatuto.

2.- O impulso dunha reforma consensuada do Senado, de modo que act e como verdadeira c mara de representaci n territorial e de integraci n das distintas CC.AA.

3.- O impulso do funcionamento axeitado de todos aqueles foros que, como o Consejo Econ mico y Social, permitan mellora-la adecuaci n da vontade estatal conxunto de intereses lex timos das diversas CC.AA., e de todos aqueles mecanismos de cooperaci n interadministrativa, bilaterais ou multilaterais que, como a xa proposta por este Parlamento Conferencia de presidentes auton micos, permitan perfecciona-la cooperaci n entre a Administraci n xeral do Estado e as CC.AA., e destas entre si.»

(Resoluci n n m. 1, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 39 votos a favor, 17 votos en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa ó financiamento dos libros de texto para alumnos de ensino obrigatorio.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a po er en marcha un plan experimental de financiamento para os libros de texto para alumnos de ensino obrigatorio.»

(Resoluci n n m. 2, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia—doc. n m. 5895—, aprobada por 39 votos a favor, ning n voto en contra e 34 abstenci ns).

Resolución relativa á competencia bilingüe dos escolares galegos.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que no prazo de tempo m is breve posible se aborde un estudio pro-

fundo e obxectivo sobre a competencia biling e dos escolares galegos final do ensino obrigatorio, que aval e a comprensi n oral e escrita, as como a producci n oral e escrita en galego e castel n.»

(Resoluci n n m. 3, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa ás competencias da Comunidade Autónoma en materia de formación profesional continua.**

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia:

1.- A demandar do Goberno do Estado a transferencia da competencia de xesti n das acci ns de formaci n continua en Galicia, de acordo coa competencia de execuci n en materia laboral que lle corresponde Comunidade Aut noma.

2.- A demanda-la incorporaci n no proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2003 das partidas correspondentes formaci n profesional continua e a transferencia Xunta de Galicia da cont a que lle corresponda Comunidade Aut noma galega de acordo cos criterios de distribuci n de fondos que se establezan.

3.- A impulsar conversas cos axentes sociais galegos respecto da xesti n destes fondos unha vez transferidos, de acordo co vixente Plan galego de formaci n profesional.

4.- A darlle informaci n Parlamento dos resultados destas actuaci ns.»

(Resoluci n n m. 6, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa á convocatoria do concurso de adxudicación de novas oficinas de farmacia.**

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realiza-la convocatoria do concurso de adxudicaci n de novas oficinas de farmacia na Comunidade Aut noma antes de que finalice o ano.»

(Resoluci n n m. 11, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa á problemática das persoas en situacións de marxinalidade e exclusión social.**

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a aborda-la problem tica das persoas que se atopan en situaci n vad a e carentes de vivenda, as como a reduci-la marxinalidade e as diferentes situaci ns de exclusi n social que, a nda sendo competencia dos concellos, deben ser reforzadas nas sete grandes cidades con pol ticas espec ficas da Xunta de Galicia.»

(Resoluci n n m. 20, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa á posta en marcha dun sistema de certificación forestal.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que po a en marcha un sistema de certificaci n forestal a escala auton mica que permita a adhesi n dos propietarios forestais galegos.»

(Resoluci n n m. 24, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

**Resolución relativa ás axudas a industrias galegas para a prevención e reducción da contaminación atmosférica e da xeración de residuos.**

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecer unha li a de axudas destinadas s industrias galegas para a realizaci n de investimentos en prevenci n e reducci n da contaminaci n atmosf rica e da xeraci n de residuos.»

(Resoluci n n m. 26, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á vixilancia, ó seguimento e á protección da biodiversidade de Galicia.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que actualice e mellore o equipamento da garder a de medio ambiente para facilitar e optimiza-lo seu labor de vixilancia, seguimento e protecci n da biodiversidade de Galicia.»

(Resoluci n n m. 28, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á protección, á rehabilitación e ó uso das fortalezas.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para desenvolver un plan de rehabilitaci n das fortalezas, como xeito de recuperar uns inmobles de marcado car cter hist rico-art stico e co fin de destinalos a usos compatibles coa s a protecci n, singularmente os vinculados denominado turismo cultural.»

(Resoluci n n m. 35, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á presentación do Proxecto de lei de minas.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia presentaci n no vindeiro per odo de sesi ns do Proxecto de lei de minas para o seu debate e aprobaci n pola C mara.»

(Resoluci n n m. 36, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á adopción e ó uso polas empresas das tecnoloxías da información.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que a trav s do Igape impulse a adopci n das tecnolox as da informaci n nas s as relaci ns coas empresas e cos cidad ns, as como a complementa-los seus servicios dotando progresivamente os empresarios de ferramentas *on line* que lles axuden a aborda-lo proceso de planificaci n estrat xica e a mellora continua.»

(Resoluci n n m. 38, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á avaliación do impacto das actuacións cofinanciadas polos fondos estructurais no período 2000-2002.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que realice a avaliaci n dos impactos das actuaci ns cofinanciadas polos fondos estructurais no per odo 2000-2002.»

(Resoluci n n m. 41, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa ó mantemento de Galicia como receptora de fondos estructurais despois do marco de apoio comunitario 2000-2006.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que leve a cabo as actuaci ns necesarias para que Galicia siga sendo receptora de fondos estructurais despois do marco de apoio comunitario 2000-2006, no que a Uni n Europea constar de vintecinco membros.»

(Resoluci n n m. 42, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á atracción e á aparición de novos proxectos empresariais.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que, a trav s do Igape, profunde nas li as e nos medios axeitados para a atracci n e a aparici n de novos proxectos para Galicia.»

(Resoluci n n m. 43, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á expansión das empresas galegas no exterior.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que, a trav s do Igape, intensifique as acci ns para acadar un maior grao de expansi n no exterior das empresas galegas.»

(Resoluci n n m. 44, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa ós apoios e servicios do Igape ós empresarios autónomos.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que, a trav s do Igape, lles preste apoios e servicios espec ficos s empresarios aut nomos e estableza dentro das s as li as de actuaci n posicionamentos dirixidos a considera-las s as circunstancias excepcionais e a ofrecerlles soluci ns concretas.»

(Resoluci n n m. 45, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 55 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á posta en marcha dun sistema de información de transporte programado non urxente.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realiza-los esforzos necesarios para po er en marcha un sistema de informaci n de transporte programado non urxente.»

(Resoluci n n m. 10, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 39 votos a favor, ning n voto en contra e 34 abstenci ns).

Resolución relativa ás necesidades asistenciais dos maiores.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realiza-los esforzos necesarios para co ece-la realidade das necesidades asistenciais dos nosos maiores na comunidade e, en especial, das persoas con demencia que se atopan no seu domicilio, e a mellorar ademais a coordinaci n entre os diferentes niveis asistenciais para un diagn stico precoz, evitando desta maneira unha maior dependencia.»

(Resoluci n n m. 16, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 39 votos a favor, ning n voto en contra e 34 abstenci ns).

Resolución relativa á proposta de transferencias de competencias reclamables ó abeiro do Estatuto de autonomía.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que no prazo de dous meses lle env e Parlamento unha proposta que determine t dalas transferencias que abeiro do Estatuto se poden reclamar, e a someter esta a debate para que se poidan incorpora-las achegas que fagan os grupos parlamentarios e permitir establecer unha estratexia de negociaci n para facelas efectivas.»

(Resoluci n n m. 1, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas).

Resolución relativa á modificación dos mecanismos de nomeamento dos membros do Tribunal Constitucional.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado que impulse unha modificaci n dos mecanismos de nomeamento do Tribunal Constitucional para garantir un instrumento de participaci n da Comunidade Aut noma.»

(Resoluci n n m. 7, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas).

Resolución relativa á presentación dun informe anual sobre o desenvolvemento do Plan de calidade eléctrica en Galicia 2001-2005.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a presentar un informe anual no Parlamento relativo desenvolvemento do Plan de calidade el ctrica en Galicia 2001-2005, con concreci n dos reforzos e das novas infraestructuras realizadas, e dos investimentos executados, as como da evoluci n dos ndices de calidade por comarcas.»

(Resoluci n n m. 31, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa á execución en Galicia dos diferentes fondos estructurais (Feder, FSE, FEOGA e IFOP), das iniciativas comunitarias, das accións innovadoras e do Fondo de Cohesión.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar, antes do 31 de decembro de 2003, un informe sobre a execuci n en Galicia dos diferentes fondos estructurais (Feder, FSE, FEOGA e IFOP), das diferentes iniciativas comunitarias, das acci ns innovadoras e do Fondo de Cohesi n, que abranga a t dolos axentes xestores, sexa a Administraci n auton mica, a estatal ou as empresas p blicas estatais, coa presentaci n del no Parlamento, para o seu debate.»

(Resoluci n n m. 37, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

**Resolución relativa á posta en marcha do Rexistro Galego da Lei de Marcas.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia asunci n da sentencia do Tribunal Constitucional que dirimiu o conflicto de competencias entre o Goberno do Estado e as comunidades aut nomas que te an atribu das as competencias de execuci n en materia de propiedade industrial nos seus estatutos, mediante a creaci n e posta en marcha, antes do 31 de xullo de 2003, do Rexistro Galego da Lei de Marcas que lles permita a empresarios e usuarios unha maior accesibilidade e a simplificaci n da s a tramitaci n.»

(Resoluci n n m. 40, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes).

**Resolución relativa á adopción de medidas sobre a pesca e comercialización do peixe espada.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a arbitra-las medidas necesarias, dentro das competencias auton - micas e da normativa comunitaria, para combate-la baixada continuada do prezo do peixe espada capturado pola flota galega de palangre de superficie, e para elimina-la pesca e a comercializaci n do peixe espada procedente de buques con bandeira de conveniencia.»

(Resoluci n n m. 59, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

**Resolución relativa á garantía polo Estado español dos dereitos cívicos e sociais dos emigrantes galegos.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a insistir ante o Goberno central co fin de que este lles garanta s e s emigrantes galegos e galegas os dereitos universais, c vicos e sociais que como cidad ns do Estado espa ol te en.»

(Resoluci n n m. 92, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

**Resolución relativa á garantía polo Estado español do acceso dos emigrantes galegos ás prestacións sociais, económicas e sanitarias.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a insistir ante o Goberno central co fin de que este garanta o dereito dos e das emigrantes galegos e galegas a acceder s diferentes prestaci ns sociais, econ micas e sanitarias que como cidad ns do Estado espa ol lles deben ser reco- ecidas.»

(Resoluci n n m. 93, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

**Resolución relativa á ampliación da base territorial das explotacións agrarias.**

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a formular nun ano unhas medidas de ordenaci n agraria que impliquen a creaci n dun banco de terras para a ampliaci n da base territorial das explotaci ns.»

(Resoluci n n m. 104, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

**Resolución relativa á creación nos centros non universitarios dun servicio de avaliación do sistema educativo.**

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a crear un servicio de avaliaci n do sistema educativo nos centros non universitarios, tanto p blicos coma privados concertados.»

(Resoluci n n m. 5, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa á atención comunitaria dos enfermos mentais crónicos.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a incrementa-los recursos de atenci n comunitaria s enfermos mentais cr nicos, tanto de atenci n di rna coma de aloxamento alternativo institucionalizaci n.»

(Resoluci n n m. 7, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa ó programa de auditorías, inspección, avaliación e control de centros hospitalarios e centros, servicios e establecementos sanitarios.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a promove-las medidas necesarias para a consolidaci n do programa de auditor as de acreditaci n de centros hospitalarios da Comunidade Aut noma e de inspecci ns, avaliaci ns e controis de centros, servicios e establecementos sanitarios.»

(Resoluci n n m. 8, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á información ós cidadáns sobre o coidado da saúde.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establece-las medidas necesarias para mellora-la informaci n s cidad ns sobre o coidado da s a sa de.»

(Resoluci n n m. 9, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa ás iniciativas de xestión forestal.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a articula-las actuaci ns precisas para o fomento de iniciativas de xesti n forestal conxunta, a trav s de f rmulas asociativas ou empresariais, que permitan acadar dimensi ns axeitadas para unha adecuada sostibilidade das explotaci ns forestais, en terreos particulares e nos montes veci ais en man com n.»

(Resoluci n n m. 23, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada por 56 votos a favor, ning n voto en contra e 17 abstenci ns).

Resolución relativa á elaboración dunha base de datos de flora e fauna galegas.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar unha base de datos de especies de flora e fauna galegas, que incl a un cat logo de especies ameazadas, prevista na Estratexia galega para a conservaci n e o uso sostible da biodiversidade.»

(Resoluci n n m. 30, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia —doc. n m. 5895—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa á adopción de diversas medidas en materia de política agraria.

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Presentar, no prazo m ximo de seis meses, un plan estrat xico de desenvolvemento rural co obxectivo de promove-la mellora dos ingresos e das condici ns de vida da poboaci n rural por medio do apoio s actividades econ micas e mellora das infraestructuras e dos servicios sobre a base da colaboraci n e a cooperaci n coa poboaci n residente.

2.- Presentar, nun prazo de seis meses:

a) Un proxecto de lei de fomento e de regulaci n dos arrendamentos r sticos.

b) Un proxecto de lei de ordenaci n de usos das terras agrarias dirixido s a mobilizaci n productiva e acorde coas directrices dun desenvolvemento sustentable.

3.- Presentar, nun prazo m ximo de seis meses, un balance dos traballos de concentraci n parcelaria, que incl a

unha relaci n pormenorizada das zonas en actuaci n e das necesidades financeiras para a finalizaci n dos traballos, as como das correspondentes propostas de medidas para a s a mellora.

4.- Presentar, nun prazo m ximo de seis meses, ante o Parlamento unha avaliaci n dos resultados en Galicia das reformas da pol tica agraria com n aprobadas nos anos 1992 e 1999 e da situaci n das cotas en relaci n coa producci n de leite, as como dos previsibles efectos derivados da actual proposta co obxecto de proceder seu debate e posterior presentaci n das correspondentes propostas de resoluci n.

5.- Presentar un balance das actuaci ns realizadas nos programas de axudas mellora das explotaci ns e das medidas de acompa amento da reforma da pol tica agraria com n de 1992, dos compromisos financeiros existentes e das correspondentes propostas de medidas para a mellora da s a aplicaci n.

6.- Desenvolver medidas de agricultura contractual que apoien o establecemento de acordos de prezos para os principais productos agr colas, gandeiros e forestais por medio da achega dos medios infraestructurais que lle sirvan de soporte, da apertura de li as de cr dito especial ligadas realizaci n dos contratos homologados e da s a consideraci n preferencial nas axudas de comercializaci n e industrializaci n dos productos agrarios.

7.- Demandar da Administraci n do Estado a mellora das prestaci ns no r xime especial agrario da Seguridade Social e a consolidaci n neste r xime das explotaci ns familiares dedicadas s producci ns de gander a intensiva.»

(Resoluci n n m. 23, por iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia —doc. n m. 5896—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa á creación de prazas en residencias para persoas maiores dependentes.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia creaci n, nun m ximo de tres anos, de 2.500 prazas p blicas en residencias para persoas maiores dependentes.»

(Resoluci n n m. 97, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG—doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa á xestión pola Xunta de Galicia dos fondos procedentes da Unión Europea.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que, no prazo de seis meses, negocie co Goberno central a posta en pr ctica dun convenio que permita que a Xunta de Galicia xestione completamente a totalidade dos fondos procedentes da Uni n Europea que se apliquen en Galicia, articulando mecanismos de reparto xustos.»

(Resoluci n n m. 4, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa á presentación no Parlamento de Galicia dun informe anual do fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado que impulse as modificaci ns da estructura do Ministerio Fiscal para asegurar que o fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia presente anualmente un informe no Parlamento de Galicia.»

(Resoluci n n m. 9, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

Resolución relativa á participación galega na utilización e execución de diversos fondos de apoio ó desenvolvemento e á reconversión industrial.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a proceder s modificaci ns e executa-las medidas necesarias para que o Igape, en tanto que xestor de importantes fondos financeiros estatais dirixidos promoci n empresarial, procedentes dos incentivos rexionais localizaci n de proxectos industriais, financiados polo Feder, s actuaci ns de reconversi n e reindustrializaci n do Ministerio de Ciencia e Tecnolox a, e s actuaci ns para o desenvolvemento das comarcas mineiras do Ministerio de Econom a, eleve a participaci n galega neles e optimice a s a utilizaci n e execuci n.»

Resoluci n n m. 36, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

**Resolución relativa á creación do Servicio de Defensa da Competencia.**

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a proceder de maneira inmediata creaci n do Servicio de Defensa da Competencia, en desenvolvemento das competencias previstas no Estatuto de autonom a, e a presentar no Parlamento, no prazo de seis meses, a Lei de creaci n do Tribunal de Defensa da Competencia.»

(Resoluci n n m. 39, por iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG —doc. n m. 5894—, aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes).

O que se publica para xeral co ecemento.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2002
Jos Mar a Garc a Leira
Presidente

# 3. Procedementos de control e impulso
## 3.6. Proposicións non de lei
### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
#### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

**Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª Natividad González Laso, sobre a realización das melloras necesarias para corrixilas deficiencias existentes na subministración de enerxía eléctrica á parroquia de Covas e na antiga liña militar de media tensión ata Prior, no concello de Ferrol.**

Doc. núm. 5346. Comisión 6.ª

Presidencia

A Comisi n 6.ª, Industria, Enerx a, Comercio e Turismo, na sesi n do d a 18 de outubro de 2002, aprobou a Proposici n non de lei en Comisi n, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª Natividad Gonz lez Laso, sobre a realizaci n das melloras necesarias para corrixi-las deficiencias existentes na subministraci n de enerx a el ctrica parroquia de Covas e na antiga li a militar de media tensi n ata Prior, no concello de Ferrol (doc. n m. 5346, publicado no BOPG n m. 190, do 20 de setembro de 2002), con modificaci ns respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para:

1.°.- Que se fagan as melloras necesarias na distribuci n da subministraci n el ctrica para corrixi-las variaci ns de tensi n que se est n a producir na parroquia de Covas, no termo municipal de Ferrol, e evitarlles prexu zos s usuarios desta comunidade.

2.°.- Que se proceda substituci n dos cabos da rede el ctrica de media tensi n da antiga li a militar que, dende a zona de Gaspallar, leva o flu do ata Prior, de xeito acorde co contorno mar timo da zona e coa tecnolox a actual, para conseguir unha subministraci n el ctrica de calidade.

3.°.- Que se efect e unha modificaci n no trazado da dita li a no tramo que cruza a pista polideportiva do centro escolar e se faga o seu soterramento coa finalidade de garanti-la seguridade dos rapaces e das rapazas que utilizan este espacio p blico.

4.°.- Que, con motivo da substituci n dos cabos, se modifique a radicaci n dos postes da li a de media tensi n, que leva a rede atravesando os predios con edificaci ns, e se rec en ata os espacios de dominio p blico que xa foron cedidos polos propietarios das ditas vivendas, coa finalidade de rematar cos continuos riscos que sofren as familias.

5.°.- Que, estando pr ximas a executarse as melloras e a substituci n dos cabos dali a da rede el ctrica de media tensi n que comunica a zona de Gaspallar (Covas-Ferrol), se dirixa empresa subministradora para a realizaci n dun estudio no que se prevexan as posibilidades de modificaci n do trazado da dita li a para os efectos oportunos, tal e como ve en establecidos nos apartados 3.° e 4.° da parte resolutiva desta proposici n non de lei».

O que se publica para xeral co ecemento.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2002
Salom lvarez Blanco
Vicepresidenta 2.ª

# 9. Informacións e correccións de erros

## 9.1. Informacións

**Retirada da Proposición de lei, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Pérez Touriño, sobre as parellas de feito de Galicia (doc. núm. 5341).**

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reuni n do d a 15 de outubro de 2002, por pedimento do seu autor (doc. n m. 5950), aceptou a retirada da Proposici n de lei, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio P rez Touri o, sobre as parellas de feito de Galicia (doc. n m. 5341, publicada no BOPG n m. 190, do 20 de setembro de 2002).

O que se publica para xeral co ecemento.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2002
Inmaculada Rodr guez Cuervo
Vicepresidenta 1.ª

**Modificación da Interpelación, formulada por D. Ricardo Varela Sánchez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a orde de desenvolvemento do Decreto do Plan Labora pola que se establecen as bases que rexen as axudas e subvencións para o exercicio 2002 para a contratación, por parte de entidades locais, de traballadores desempregados beneficiarios do programa Labora, xuventude con experiencia (doc. núm. 4746).**

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reuni n do d a 21 de outubro de 2002 , por pedimento do seu autor (doc. n m. 6048), aceptou a modificaci n da Interpelaci n, formulada por D. Ricardo Varela S nchez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a orde de desenvolvemento do Decreto do Plan Labora pola que se establecen as bases que rexen as axudas e subvenci ns para o exercicio 2002 para a contrataci n, por parte de entidades locais, de traballadores desempregados beneficiarios do programa Labora, xuventude con experiencia (doc. n m. 4746 , publicada no BOPG n m. 175, do 3 de setembro de 2002 ), nos seguintes termos:

P xina 7011
Pregunta 3.ª)

Onde di: "dictame do Ces .
Debe dicir: "dictame do Consello Galego de Relaci ns Laborais .

Pregunta 5.ª)

Onde di: "dictame previo do Ces .
Debe dicir: "dictame previo do Consello Galego de Relaci ns Laborais .

O que se publica para xeral co ecemento.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2002
Salom lvarez Blanco
Vicepresidenta 2.ª

**Rexeitamento das proposicións non de lei en Comisión docs. núms. 4489, 2777, 1226, 2203, 2244, 2297, 2328, 2386, 3000, 4386, 5509, 5510 377, 483, 746, 1552, 2259, 2467, 1738, 2483, 5686 e 5271.**

Presidencia

As comisi ns permanentes do Parlamento de Galicia rexeitaron, nas datas que se expresan, as proposici ns non de lei que a seguir se relacionan:

Comisi n 1.ª, Institucional, de Administraci n Xeral, Xustiza e Interior:

Sesi n 10 de outubro de 2002:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Alberte Xullo Rodr guez Feix o , sobre a suba de categor a para os xulgados da cidade de Santiago de Compostela (doc. n m. 4489).

Comisi n 3.ª, Econom a, Facenda e Orzamentos:

Sesi n 16 de outubro de 2002:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xes s Manuel Veiga Bux n e D. Emilio L pez

P rez, sobre a implantaci n dun procedemento de autorizaci n pola Conseller a de Pol tica Agroalimentaria o Desenvolvemento Rural de permutas voluntarias de leiras r sticas para a execuci n do pagamento polos seus titulares do imposto sobre transmisi ns patrimoniais (doc. n m. 2777).

Comisi n 4.ª, Educaci n e Cultura:

Sesi n do 15 de outubro de 2002:

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Jos Luis M ndez Romeu, sobre a realizaci n dos investimentos necesarios no colexio de Vent n-Ames para soluciona-las necesidades demandadas pola s a comunidade educativa (doc. n m. 1226).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª Laura Seara Sobrado e D. Jos Luis M ndez Romeu, sobre a oferta de comedor escolar nos centros p blicos nos que se escolaricen alumnos e alumnas de educaci n infantil e primaria e a inclusi n no transporte escolar da figura de acompa ante (doc. n m. 2203).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a adopci n de medidas polo Goberno galego que garantan a continuidade do centro de ensino da Colexiata do Sar, en Santiago de Compostela (doc. n m. 2244).

-Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xos Henrique Tello Le n e D. Eduardo Guti rrez Fern ndez, sobre o transporte escolar de nenos e nenas de tres anos (doc. n m. 2297).

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.ª Mar a Pilar Garc a Negro, sobre o estado do centro escolar "Alfredo Bra as , de Carballo (doc. n m. 2328).

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xes s Manuel Veiga Bux n e D. Xos Henrique Tello Le n, sobre a autorizaci n da matr cula mantendo transitoriamente as escolarizaci ns no actual centro da Colexiata de Sar e o inicio da construcci n dun novo centro (doc. n m. 2386).

Comisi n 5.ª, Sanidade, Pol tica Social e Emprego:

Sesi n 10 de outubro de 2002:

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª Dolores Villarino Santiago, sobre a posta en funcionamento dunha garder a p blica na zona que abarca o mbito das asociaci ns de veci os da Salgueira, Castrelos e Dr. Fleming, da cidade de Vigo (doc. n m. 3000).

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xos Francisco Ferreiro Abelleira, sobre a realizaci n de xesti ns para a instalaci n dun Centro de Atenci n e Informaci n da Seguridade Social no Carballi o (doc. n m. 4386).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª Margarita P rez Herraiz, D. Francisco Cervi o Gonz lez e D. Modesto Pose Mesura, sobre a posta en funcionamento dun centro para maiores no concello de Folgoso do Courel (doc. n m. 5509).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª Margarita P rez Herraiz, D. Francisco Cervi o Gonz lez e D. Modesto Pose Mesura, sobre a posta en funcionamento dun centro para maiores no concello de Pedrafita do Cebreiro (doc. n m. 5510).

Sesi n do 17 de outubro de 2002:

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Varela S nchez, sobre a creaci n dun Servicio de Neurocirurx a no Hospital Xeral de Lugo (doc. n m. 377).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Cervi o Gonz lez e D.ª Natividad Gonz lez Laso, sobre a actuaci n que debe levar a cabo o Goberno galego para a utilizaci n polo Sergas do Hospital Naval de Ferrol (doc. n m. 483).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Cervi o Gonz lez e D.ª Margarita P rez Herraiz, sobre a paralizaci n do concurso para privatiza-los servicios de rehabilitaci n e fisioterapia nas tres reas sanitarias da provincia de Lugo e a creaci n dunha rede p blica nesa provincia (doc. n m. 746).

-Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Eduardo Guti rrez Fern ndez, sobre o incremento da dotaci n dos medios humanos dos servicios m dicos da Casa do Mar de Foz (doc. n m. 1552).

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xos Francisco Ferreiro Abelleira, sobre as medidas que se deben levar a cabo para soluciona-las carencias existentes no Centro de Sa de do Porri o (doc. n m. 2259).

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xos Francisco Ferreiro Abelleira, sobre as medidas a adoptar para facilita-la comprensi n e evitar posibles erros na interpretaci n das follas de dosificaci n dos tratamentos con anticoagulantes orais (doc. n m. 2467).

Sesi n do 18 de outubro de 2002:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xos D az D az, D. Xos Francisco Ferreiro Abelleira e D.ª Salom lvarez Blanco, sobre as medidas que se deben adoptar para afronta-las consecuencias derivadas da exposici n amianto polos traballadores galegos (doc. n m. 1738.

- Do G.P. dos Socialistas de Gallicia, por iniciativa de D.ª Margarita P rez Herraiz e D. Jos Luis M ndez Romeu, sobre as medidas a adoptar para o uso axeitado da imaxe da muller na publicidade e nos medios de comunicaci n (doc. n m. 2483).

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.ª Mar a Pilar Garc a Negro e D. Bieito Lobeira Dom nguez, sobre a creaci n en Mar n dun Centro de Informaci n e Asesoramento da Muller (doc. n m. 5686).

Comisi n 6.ª, Industria, Enerx a, Comercio e Turismo:

Sesi n do d a 18 de outubro de 2002:

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Domingos Merino Mejuto, sobre as comisi ns que te en que abona-las pequenas empresas pola utilizaci n de cart ns de cr dito ou d bito e a distorsi n de competencia que levan aparellado (doc. n m. 5271).

O que se publica para xeral co ecemento.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2002
Salom lvarez Blanco
Vicepresidenta 2.ª

## 9.2. Correccións de erros

**Corrección de erros no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003.**

No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* n m. 215 , do d a 22 de outubro de 2002, publicouse o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Aut noma de Galicia para o ano 2003.

Advertido un erro no texto, proc dese s a correcci n nos seguintes termos:

P xina 10436

Onde di: "4.- Presentaci n de emendas:
a) totalidade: ata o d a 11 de novembro, luns, ata as 19.30 horas .

Debe dicir: "4.- Presentaci n de emendas:
a) totalidade: ata o d a 11 de novembro, luns, ata as 12 horas ".

O que se publica para xeral co ecemento.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2002
Jos Ram n C lera Leirado
Oficial maior

**Corrección de erros na Interpelación, formulada por D. José Luís Méndez Romeu e D. Pablo Xabier López Vidal, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tempo medio de resolu - ción das demandas nas seccións das Audiencias de Vigo, Ourense, Santiago, Coruña e Ferrol, as razóns das diferencias existentes e as medidas previstas ó respecto (doc. núm. 5444).**

No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* n m. 190 , do d a 20 de setembro de 2002 publicouse a Interpelaci n, formulada por D. Jos Lu s M ndez Romeu e D. Pablo Xabier L pez Vidal, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tempo medio de resoluci n das demandas nas secci ns das Audiencias de Vigo, Ourense, Santiago, Coru a e Ferrol, as raz ns das diferencias existentes e as medidas previstas respecto (doc. n m. 5444).

Advertido un erro no texto, proc dese s a correcci n nos seguintes termos:

P xina 8757.

Onde di: "... demandas nas secci ns das audiencias de Vigo, Ourense, Santiago, Coru a e Ferrrol .

Debe dicir: "... nas distintas secci ns das audiencias da nosa Comunidade Aut noma .

O que se publica para xeral co ecemento.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2002
Jos Ram n C lera Leirado
Oficial maior

## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
   - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   - 2.1 INVESTIDURA
   - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
   - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   - 3.5 MOCIÓNS
   - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
     - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
     - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
   - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
   - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   - 4.2 INTERPELACIÓNS
   - 4.3 PREGUNTAS
   - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   - 5.3 VALEDOR DO POBO
   - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
   - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   - 6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
   - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
   - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
   - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
   - 8.2 PERSOAL
   - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   - 9.1 INFORMACIÓNS
   - 9.2 CORRECIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

Edici n e subscrici ns: Servicio de Publicaci ns do Parlamento de Galicia.
H rreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00

Impresi n e distribuci n: La Voz de Galicia, S.A.
Concepci n Arenal, 11-13. 15006. A Coru a.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727